



CONCELLO DE REDONDELA

MODIFICACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN AS AXUDAS PARA OS CENTROS CULTURAIS PARA GASTOS CORRENTES DO ANO 2021

Artigo único.- Por Resolución da Alcaldía de data 11 de novembro de 2021 modifícanse as Bases de axudas para os centros culturais para gastos correntes do ano 2021, publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 102 do 1 de xuño de 2021, para ampliar o prazo límite de presentación das xustificacións, quedando redactado o primeiro parágrafo da base duodécima do seguinte xeito:

“Duodécimo.- Xustificación e pagamento.

*A xustificación mediante os formularios correspondentes debidamente cubertos conterà a documentación xustificativa dos gastos realizados e a certificación da actividade realizada coa finalidade para a que foi concedida a subvención e deberá presentarse no Rexistro xeral do Concello de Redondela **con data límite o 15 de decembro de 2021**, presentando os anexos V,VI, VII e VIII e a documentación requirida nos mesmos.*

(...)”

